

# Chesnais: 'Estamos no inicio dunha longa crise'

Xurxo González. O economista François Chesnais amosa a súa confianza en que as circunstancias contribúan á substitución dos grupos que están a pilotar a crise e a política económica xeral. A iso contribúe tamén coa súa militancia no Novo Partido Anticapitalista francés, de moi recente creación.

10.06.2010 | 07:38

TAGS: [CHESNAIS](#), [CRISE ECONOMICA](#), [CAPITALISMO](#),



François Chesnais, economista francés. Paco Vilabarro

O interese que suscita o economista François Chesnais, de orientación marxista, quedou ben ás claras no nutrido do público que o escoito hai pouco días no salón de graos da Facultade de Económicas da USC, entre o que se contaban varios políticos en activo. Aínda que conta xa máis de oitenta anos, as ideas de Chesnais seguen pegadas á realidade. Unha parte importante da súa vida profesional desenvolveuna como economista da OCDE, pero tamén tivo influencia como membro de ATTAC, onde foi un dos que desenvolveu a idea dunha taxa que gravase os movementos de capital (denominada comunmente taxa Tobin).

**Vostede indica que actualmente existe unha “submisión voluntaria” dos gobernos aos mercados. Por que considera que é voluntaria?**

Os gobernos elixen o máis fácil para evitar debates políticos e enfrontamentos coas capas máis ricas e poderosas. Para lograr este obxectivo mesmo chegan a desarticular sistemas fiscais, segundo eles para fomentar políticas de oferta. Un exemplo destacábel constitúeno os EEUU. Desde os anos trinta mantiña un sistema de imposición forte sobre os beneficios e as rendas altas, herdanza do New Deal. A elección de Reagan modificou o sistema, mesmo no que respecta á forma de financiar o déficit. Coa liberalización financeira impulsada naqueles anos, a débeda pública pasou de estar asumida polo sistema bancario a ofrecerse no mercado aberto e con taxas de intereses moi atractivas. Como consecuencia, a débeda pública de Estados Unidos aumentou moito [durante o seu mandato multiplicouse por sete]. Este proceso foi seguido polos demais gobernos.

**Como se aplicou este novo modelo neoliberal en Europa?**

No caso de Francia, a finais dos anos setenta, e a pesar dos efectos da primeira recesión mundial había unha débeda pública baixa [arredor do 25% do PIB, cando actualmente rolda o 75%]. O aumento debeuse en primeiro lugar ás altas indemnizacións das nacionalizacións do goberno Mitterrand, que non estaban no seu programa inicial. Os pagos desmesurados polas expropiacións foron resultado dunha campaña do empresariado para ter compensacións moi altas. Seis ou oito anos despois iniciouse a privatización destas empresas, xa reestruturadas con cartos públicos conseguidos a través de procesos de endebedamento. As compañías foron vendidas no mercado bolsista a prezos moi baixos. Tamén houbo fortes investimentos para montar industrias do armamento.

**Como influíu a integración na Unión Europea?**

Logo do Tratado de Maastricht entrouse na fase de liberalización financeira, coas posibilidades para as grandes empresas de elixir o lugar onde colocar a súa sede. Así, pasan a Luxemburgo ou a Bruxelas onde a imposición das sociedades é moito máis baixa que en Francia, por exemplo. Comeza así o proceso de evasión totalmente documentada e semiautorizada cara paraísos fiscais. Todos estes aspectos contribuíron a que a débeda pública aumentase. Os bancos e fondos de investimento fixéronse cada vez máis potentes e comezou o proceso de intervención dos chamados mercados na condución da política económica.

### **Entón non ten relación o crecemento da débeda coa xeneralización do Estado do Benestar?**

Non. O aumento da débeda realízase nun marco caracterizado polo descenso da porcentaxe que representan os salarios sobre o PIB. En Francia non é o Estado quen paga a pensión. Trátase dun sistema de fluxo sen pasar polo mercado financeiro. Os que traballan nun momento dado pagan unha porcentaxe do seu salario e a empresa unha cota. Esta cota está ligada ao nivel de salario, polo que cando o salario tende a baixar, tamén o fai a contribución. Este pago ten dúas dimensións: primeiro, supón o dereito de ter unha pensión no momento da xubilación, e segundo, de forma inmediata pagan a pensión dos traballadores xa xubilados. Pasa o mesmo co seguro de saúde. Houbo pequenas necesidades de compensación polo proceso descrito antes, pero non está baseado no orzamento público. A débeda é, polo tanto, a combinación dun sistema fiscal insuficiente, liberalización financeira e decisións pouco axeitadas sobre a industria militar, entre outras. Toda a industria nuclear foi un investimento de Estado. Vostede describe a estabilización da economía na crise actual, e caracterizábaa polo retorno á solvencia da banca e o gran aumento do paro.

### **Trátase dunha situación habitual ou é específica do proceso actual?**

É unha das características específicas desta crise. No proceso do 29 ao 33, aumento do paro, colapso da produción e colapso dos bancos camiñaron xuntos. O novo e espectacular desta crise é a forma na cal se evitou a quebra das entidades financeiras aproveitando mesmo a situación difícil dalgunhas para aumentar a concentración bancaria. O alto desemprego dáse en todos os países, mesmo en Alemaña.

### **Vostede pensa que o gran recurso ao crédito que se deu nos últimos anos tivo a súa orixe no descenso dos salarios reais. Houbo unha estratexia organizada para que as familias se endebedasen ou foi unha consecuencia natural das retribucións máis baixas?**

No caso dos EEUU e o Reino Unido tratouse dunha política deliberada de baixas taxas de interese, diñeiro fácil para os bancos. Estes desenvolveron unha política "comercial" agresiva. Propoñían crédito en condicións aparentemente moi atractivas. Moitos fogares nunca se terían endebedado tanto sen esas políticas agresivas. No caso estadounidense houbo un salto cualitativo ao facer préstamos sen ningún tipo de garantía. Con todo, isto foi só a expresión última do proceso. No caso de Europa, a taxa de interese do BCE para os bancos mantívose máis alta que a aplicada pola Reserva Federal.

### **Impulsou no seu momento a idea da Taxa Tobin [imposto internacional sobre os movementos de capital entre Estados]. Hoxe moitos recuperan esta idea...**

A estas alturas a taxa Tobin non constitúe un tratamento suficiente, e é por iso que foi recuperada por unha parte do discurso dominante. Fan falta medicinas moito máis potentes, como mínimo moratorias unilaterais de débeda, combinadas con nacionalización da banca e dos mecanismos de crédito, así como modificacións radicais dos sistemas fiscais. Necesítase a formación dun bloque social decidido a efectuar ese tipo de política. De conseguirse a constitución de forzas capaces nalgúns países, deberían facer chamamentos para conseguir a formación de bloques sociais semellantes noutros do seu entorno. Non se trata dunha política dun só Estado. O desafío consiste en se o bloque social que se formou de xeito temporal nalgúns países, e destacadamente en Francia, co gallo da oposición á Constitución Europea, pode reconstituírse e acceder ao poder. Penso que estamos aínda nunha etapa inicial dunha longa crise, e por iso teño confianza en que as circunstancias que aínda están por vir obrigarán a este tipo de políticas.